

PROGRAMA ELECTORAL de ESCANOS EN BRANCO 2012

Eleccións ao Parlamento de Galicia (21-0), Parlamento Vasco (21-0) e Parlamento de Cataluña (25-N)

1 Non tomaremos posesión do cargo.

Os nosos candidatos, de resultaren elixidos, non adquirirán a condición plena de deputado¹. Ao non exercer como tales, non terán dereito a ningún tipo de remuneración económica en forma de soldo, dietas ou complementos.

Do mesmo xeito, o partido Escanos en Branco non solicitará nin aceptará subvencións públicas (en particular as adxudicables por escanos, votos e envío de propaganda electoral)².

Con este programa desexamos dar visibilidade e facer eficaz, mediante os correspondentes escanos baleiros, a vontade dos electores que non se sinten representados por ningunha das formacións políticas que concorren ás eleccións.

A fundamentación ideolóxica está expresada no noso [Manifesto](#), que recolle a propia disolución do partido cando o voto en branco se traduza en escanos baleiros.

1 Segundo o Artigo 7 do [Regulamento do Parlamento de Galicia](#), Artigo 9 do [Regulamento do Parlamento Vasco](#) e Artigo 16 do [Regulamento do Parlamento de Cataluña](#).

2 Segundo establece o Artigo 3º da [Lei Orgánica 8/2007](#) sobre financiamento dos partidos políticos.